ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU24001

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Foro de debate A Constitución e o Dereito no novo contexto sociopolítico

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	2
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/01/2024 - 09:00h ao 10/01/2024 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Esta actividade persigue o obxectivo de analizar o papel da Constitución e o dereito no contexto sociopolítico actual.
A ciencia do Dereito recoñece que a Constitución cumpre tres funcións esenciais: dar lexitimidade a quen exerce o poder político, recoñecer e garantir os dereitos e as liberdades da cidadanía e constituírse como lei suprema no conxunto do ordenamento xurídico. Por iso, nun contexto de incerteza como o existente na actualidade, a nosa Carta Magna debe estar máis presente que nunca para os poderes públicos e para a cidadanía no seu conxunto. Así, este foro de debate profundará na Constitución española como eixo vertebrador dunha sociedade democrática e na importancia do seu respecto e o dos principios que a impregnan para a prosperidade de calquera nación e, en particular, a española.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; da Administración de xustiza; das universidades do Sistema universitario de Galicia; así como profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Foro debate sobre os aspectos e temas avanzados nos obxectivos desta actividade.

Presencial, na EGAP (Aula Colmeiro), Santiago de Compostela:
Venres, 12 de xaneiro de 2024, das 12:00 ás 14:00 horas.

Pendente publicar díptico na web da EGAP.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

- As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible na dirección <https://egap.xunta.gal/matricula>

- As persoas interesadas deberán seleccionar, primeiro, a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e, despois, seleccionar, en nome do curso, o foro debate “A Constitución e o dereito no novo contexto sociopolítico”.

- O prazo para a inscrición permanecerá aberto desde as 09:00 horas do día 5 de xaneiro de 2024 ata as 23:59 horas

do 10 xaneiro de 2024.

- A EGAP publicará, na mañá do día 11 de xaneiro de 2024, na dirección web https://egap.xunta.gal a listaxe das persoas seleccionadas que tamén recibirán no momento da súa selección un sms/mail.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 12/01/2024 a 12/01/2024
NUM. PRAZAS: 30	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
TOMAS RAMON FERNANDEZ RODRÍGUEZ Roberto Luis Blanco Valdés		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
AULA 1 (COLMEIRO): O día 12 de xaneiro de 12:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		